

**PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO
DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS
E EXTRAESCOLARES**

**IES MANUEL GARCÍA BARROS
(A ESTRADA)**

CURSO 2023-24

| | |
|---------------------------------------------------------------|----|
| 1.- COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO | 3 |
| 2.- PROTOCOLO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES | 3 |
| 3.- ORZAMENTO DO DEPARTAMENTO | 12 |
| 4.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES | 13 |
| 4.1.- CONMEMORACIÓNS PREVISTAS | 13 |
| 4.2.- ACTIVIDADES PROGRAMADAS POLOS DEPARTAMENTOS | 14 |

1.- COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

No presente curso escolar son membros do Departamento:

- Ana Patricia Pérez Gippini, xefa do departamento.
- M^a Teresa Leis Rey, coordinadora da Biblioteca.

Considéranse así mesmo colaboradores a todos aqueles profesor@s, familias ou alumn@s que voluntariamente participen na programación, deseño e organización de actividades.

2.- PROTOCOLO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

1. XUSTIFICACIÓN

1. Evitar queixas en relación á cantidade de horas lectivas empregadas nas actividades.
2. Necesidade de revisión dos momentos nos que se poden realizar as actividades, especialmente en 2º de bacharelato.
3. Necesidade de promover a planificación e coordinación entre departamentos propiciando, cando sexa posible, a realización de actividades conxuntas na mesma cidade e co mesmo grupo de alumnado, para non duplicar desprazamentos, gastos e tempo empregados.
4. Necesidade de fixar os criterios sobre dietas do profesorado nas actividades extraescolares.

2. OBXECTIVOS

1. Posibilitar que os departamentos desenvolvan ao longo do curso o maior número posible das actividades que consideren necesarias para enriquecer e complementar a docencia.

2. Maximizar o aproveitamento das saídas do centro, reducindo o número de horas lectivas empregadas. Para isto a vicedirección promoverá a planificación das actividades e a coordinación entre departamentos.
3. Fixar os requisitos e prazos que os departamentos deben cumprir para a realización das actividades.
4. Establecer un protocolo de obrigado cumprimento para a realización das actividades, que regule os prazos, os pasos a dar e os/as responsables.

3. MARCO NORMATIVO

1. Decreto 324/1996 de Regulamento Orgánico dos institutos de educación secundaria:
 - Art. 28.c: "É competencia do vicedirector ou vicedirectora (...) coordinar a realización das actividades complementarias e extraescolares, segundo as directrices aprobadas polo Consello Escolar do instituto".
 - Art. 59.1 b: "Cada profesor titor (...) proporcionaralles a principio de curso ao alumnado e aos pais e nais información (...) sobre as actividades extraescolares e complementarias previstas".
 - Art. 61: "Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes".
 - Art. 62: "Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra de horario lectivo e nas que a participación é voluntaria".
 - Art. 67: "Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:
 - a) Aprobación do Consello Escolar.
 - b) Autorización escrita dos pais, de tratarse de alumnos e alumnas que están baixo a responsabilidade paterna ou titor/a legal.

- c) Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor/a por cada vinte alumnos.
- Art. 96.h: "A programación didáctica dos departamentos incluírá as actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar desde o departamento".
2. Orde do 1 de agosto de 1997 sobre Instrucións para o desenvolvemento do R.O.C.:
- Art. 25: "A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais/nais ou titores sempre que se desenvolvan fóra do centro. No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender ao alumnado que non participen nelas".
 - Art. 26: "Tanto as actividades complementarias como as extraescolares deben respectar os principios de voluntariedade para o alumnado, non discriminación e ausencia de lucro".
3. Ley Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE):
- Art. 88.1: "As actividades complementarias que se consideren necesarias para o desenvolvemento do currículo deberán programarse e realizarse de forma que non supoñan discriminación por motivos económicos."

4. REQUISITOS E PRAZOS DE ORGANIZACIÓN

4.1. CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

4.1.1. Cuestións xerais

1. O alumnado será acompañado polo profesorado correspondente coa seguinte proporción:
 - Un docente por cada vinte alumnos para as viaxes por España (ratio establecida pola normativa).
 - Un docente por cada quince alumnos para as viaxes ao estranxeiro (normativa interna do centro).

- Como norma xeral procurárase que, aínda que o número de alumnos sexa inferior a quince, estes sexan acompañados por polo menos dous profesores.
 - Cando nalgunha saída participe alumnado con NEE, a proporción de profesorado acompañante axustarase ás necesidades do devandito alumnado.
2. Queda prohibida a participación en actividades de calquera persoa allea ao centro.
 3. Se un alumno/a é sancionado/a coa suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extraescolares, non terá dereito á devolución dos pagos efectuados no caso de que supoña un incremento do gasto para o resto dos participantes ou perda económica para o centro.

4.1.2. Saídas do centro de máis de 1 día de duración

1. A realización de calquera destas actividades requirirá unha inscrición mínima do 50% do alumnado do curso ao que se lle oferta a actividade.
2. Non se poderá realizar máis de 1 actividade ou saída de máis de dous días lectivos de duración por curso e nivel, a excepción das derivadas da participación en programas da Consellería ou o Ministerio. En caso de haber varias propostas de diferentes departamentos estes deberán reunirse coa vicedirección para coordinarse entre si e unificalas, prevalecendo o criterio de que afecte ao maior número de alumnado.
3. Sempre e cando a saída se realice a través dunha axencia de viaxes, será obrigatorio pedir tres presupostos en tres axencias distintas que serán arquivados en vicedirección.

4.1.3. Saídas do centro de 1 día

1. Para as actividades ou saídas de 1 día, ao longo do curso escolar cada departamento poderá presentar un máximo de 2 actividades por grupo.
2. Fomentarase, na medida do posible, a realización de actividades no propio centro, procurando que beneficien o maior número posible de alumnos/as, e dentro do horario lectivo de cada grupo na materia ou materias correspondentes.
3. A participación nas actividades complementarias gratuítas é obrigatoria.
4. No caso das actividades que supoñan algún tipo de desembolso económico o

alumnado que por algunha causa non asista seguirá no centro coas actividades lectivas normais. Se é necesario o equipo directivo artellará un sistema para a atención deste alumnado.

5. Tendo en conta a organización do centro, procurarase evitar a realización de dúas actividades ao mesmo tempo, sempre que isto prexudique á organización do centro.
6. Nas actividades que se realicen no centro o profesor acompañará aos seus alumnos á actividade, despois de controlar a asistencia, e axudando nas tarefas de vixilancia e control.

4.2. CALENDARIO E PRAZOS

As datas nas que se poden programar as actividades respectarán o seguintes prazos:

- Como norma xeral non se poderán realizar actividades que supoñan perda de xornadas lectivas nas **dúas semanas anteriores á semana das avaliacións**. Excepcionalmente poderán facelo, sempre e cando haxa unha convocatoria externa cunha data obrigatoria establecida, coa aprobación do equipo directivo, consultado o equipo docente do alumnado implicado.
- En **2º de bacharelato** non se poderán programar actividades no **3º trimestre**. Excepcionalmente poderán facelo, sempre e cando haxa unha convocatoria externa cunha data obrigatoria establecida, coa aprobación do equipo directivo, consultado o equipo docente do alumnado implicado.

5. PLANIFICACIÓN

1. Os departamentos entregarán as súas propostas de actividades en vicedirección **antes do 30 de setembro**, empregando o **Documento de planificación de actividades** que lles será facilitado. É obrigado especificar:
 - A **cidade ou lugar** no que se vai levar a cabo e o horario e as datas concretas requiridas para a súa realización, para posibilitar a coordinación con outras actividades.
 - Nas actividades nas que a data de realización non depende de ningún factor externo débese fixar, en lugar dunha data concreta, un **intervalo temporal** no que o departamento prefire realizar a actividade, co fin de que a vicedirección

poida distribuílas homoxeneamente ao longo do curso e posibilitar a coordinación.

- No caso das actividades cunha data que estea condicionada por un factor externo, débese determinar o máis exactamente posible a data prevista de realización.
 - A **xustificación pedagóxica** de cada actividade.
2. Cando se organice unha excursión ou actividade (e especialmente se esta é de máis de 1 día de duración) débense comunicar en vicedirección as datas e o nº previsto de alumnado participante, e contar coa aprobación previa da dirección, antes de realizar ningún tipo de reserva, de actividade para recadar fondos, de recollida de diñeiro entre o alumnado, de comunicación ás familias, etc., de xeito que a posible coincidencia posterior de actividades ou de datas, ou calquera outra circunstancia, non poida supoñer a imposibilidade de realización, co prexuízo económico para as familias e a mala imaxe que esa actuación podería supoñer.
 3. Tendo en conta as actividades propostas polos departamentos, a vicedirección elaborará unha **programación de actividades**, primando a coordinación e a realización simultánea de actividades e a distribución homoxénea ao longo do curso, que será presentada na CCP para o seu debate e aprobación provisional, e ao Consello Escolar para a súa aprobación definitiva.
 4. Poderán organizarse outras actividades que xurdan ao longo do curso e que non estean contempladas na Programación Xeral Anual, pero deberán contar coa aprobación do equipo directivo, consultado o equipo docente do alumnado, para ser aprobadas finalmente en Consello Escolar.
 5. As datas das actividades que non quedaran fixadas no calendario de actividades deben ser comunicadas polos xefes/as de departamento á vicedirección tan pronto como se coñezan. Neste caso, para a súa realización estarase sempre a expensas da confirmación da vicedirección, que poderá denegar a realización dunha actividade nunha data concreta se, por coincidir con outras previamente aprobadas ou por outras circunstancias, iso supuxese problemas organizativos e de correcto funcionamento do centro. En definitiva, non se pode comezar a traballar na organización concreta dunha actividade nin comunicala ao alumnado e ás familias se esta non está xa acordada e autorizada pola vicedirección.

6. REALIZACIÓN

6.1. PRAZOS

1. Un mínimo de **3 semanas antes** da data da actividade o profesor/a poñerase en contacto coa vicedirección para preparar a saída. No caso de actividades de varios días cun mínimo de **5 semanas** antes da data da actividade. En calquera caso, non se fará comunicación ás familias ou ao alumnado de confirmación da realización de ningunha actividade sen a confirmación previa de vicedirección.
2. Un mínimo de **2 semanas antes** da data da actividade o profesorado do departamento informará ao alumnado, para o cal:
 - Elaborará, en colaboración con vicedirección, a autorización para participar nunha actividade complementaria/ extraescolar, imprimindo e repartíndolle unha copia a cada alumno/a do grupo.
 - Explicaralle ao alumnado todos os datos da actividade, facendo especial fincapé no prazo de entrega da autorización, no prezo da saída e nas condicións que deben cumprir para participar.
 - Facilitarase a participación de grupos completos, evitando discriminacións por razóns económicas ou doutra índole.

6.2. ORGANIZACIÓN E COMUNICACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

1. No momento en que a vicedirección sexa informada da realización dunha actividade esta constará no calendario de actividades da páxina web do centro e na pantalla da sala de profesores. Cando a listaxe de alumnado e profesorado participante sexa definitiva (como mínimo con 48 horas de antelación) será remitida por correo electrónico á totalidade do Claustro e, en colaboración coa Xefatura de Estudos, organizará as gardas, nas que colaborará o profesorado que fique sen clase.
2. O alumnado que non participe na actividade deberá permanecer na súa aula. A falta de asistencia á clase ou á actividade deberá xustificarse, en todo caso, como en calquera día lectivo.
3. Unha vez inscrito, o alumnado só poderá darse de baixa por unha causa xustificada. Neste caso só se devolverá o importe da actividade, pero non o do transporte (ou das entradas, etc., se xa foron aboadas).

7. PROCEDIMIENTO DE ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES OU SAÍDAS CULTURAIS DE FIN DE ETAPA (4º ESO)

1. Terá prioridade e será única a viaxe cultural de fin de etapa de 4º ESO que se organizará de xeito centralizado.
2. Nas primeiras semanas do curso a vicedirección convocará ao equipo docente de 4º ESO a unha reunión na que se concretará esta actividade (destino, datas e posibles organizadores).
3. Tendo en conta o carácter terminal da saída, procurarase un custo económico accesible que favoreza a participación de todo o alumnado.
4. Cada baixa que se produce ao longo do proceso encarece a cantidade final que debe ingresar cada un dos participantes. Por este motivo, e co fin de evitar na medida do posible estes abandonos, esixirase un depósito inicial que se transferirá á conta da axencia de viaxes.
5. Para iniciar o procedemento de organización da viaxe o alumnado que participe nela deberá traer previamente unha autorización escrita da familia asinada polo pai/ nai/ titor legal.
6. Unha vez coñecido o número de participantes e iniciado o proceso de ingresos, o diñeiro posto polo alumnado e as familias non será reembolsable polo instituto, dado que estará na conta da axencia organizadora.
7. Os cartos recadados transferiranse á axencia que xestione a viaxe e calquera reclamación das familias neste sentido deberá ir dirixida a ela.

8. ACTIVIDADES DE FIN DE TRIMESTRE/CONMEMORACIÓNS

8.1. ACTIVIDADES DE FIN DE TRIMESTRE

1. As actividades de fin de trimestre serán aquelas que coincidan co final dunha avaliación ou cunha entrega de notas.
2. A dirección, a proposta da xefatura de estudos, se é necesario poderá suspender as clases durante toda ou parte da xornada lectiva para a realización de actividades. A preparación destas actividades non afectará ao resto das xornadas lectivas.

8.2. ACTIVIDADES DURANTE O TRIMESTRE (CONMEMORACIÓNS)

1. Son aquelas que teñen lugar ao longo de cada un dos tres períodos de avaliación (p. ex., Magosto, Entroido, Día conta a Violencia de Xénero, Día das Letras Galegas).

- Estas actividades realizaranse preferentemente durante as últimas horas da xornada lectiva, de xeito que durante as primeiras horas as clases desenvolveranse con normalidade. A dirección, a proposta da xefatura de estudos, poderá suspender as clases durante os períodos e nos grupos que se consideren necesarios.

9. DIETAS DO PROFESORADO

Dado que a participación neste tipo de actividades é sempre voluntaria, e ningún docente está obrigado a realizalas se non mostra esa voluntariedade, en atribución das competencias atribuídas ao centro en materia de xestión económica, as cantidades que terá dereito a percibir como acompañante serán exclusivamente as que se indican a continuación:

- A **estancia e os almozos** do profesorado deberán estar sempre previstos e incluídos na propia viaxe.
- Do mesmo xeito, procurarase que tanto os **xantares como as ceas** vaian tamén incluídos, de xeito que esta supoña un gasto menor ou nulo en dietas, o que poderá redundar nunha maior realización de actividades ao longo do curso ou nunhas axudas maiores a aquel alumnado que poida ter problemas económicos.
- No caso de que os xantares e/ou as ceas non estiveran incluídas, o centro pagará unha única dieta conforme ás seguintes cantidades:

En saídas de 1 día

| | |
|-------------------------------------------------------|----------|
| Por xantar (só se este non está incluído na viaxe) | 18 euros |
|-------------------------------------------------------|----------|

En saídas de varios días (España e Portugal)

| | |
|-------------------------------------------------------|----------|
| Por xantar (só se este non está incluído na viaxe) | 18 euros |
| Por cea (só se esta non está incluído na viaxe) | 18 euros |

En saídas de varios días (fóra de España e Portugal)

| | |
|-------------------------------------------------------|----------|
| Por xantar (só se este non está incluído na viaxe) | 22 euros |
| Por cea (só se esta non está incluído na viaxe) | 22 euros |

4. O centro pagará as dietas nas 48 horas seguintes á finalización da actividade.

3.- ORZAMENTO DO DEPARTAMENTO

A maior parte das actividades que supoñen algún custo son sufragadas polo propio alumnado, ou ben coa contribución directa dos orzamentos dos distintos Departamentos.

4.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

4.1.- CONMEMORACIÓN PREVIAS (as datas son aproximadas e poden sufrir variacións):

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none">➤ Magosto: 03 de novembro (Xogos populares organizados polo departamento de EF)➤ Día contra a Violencia de Xénero: 25 de novembro➤ Nadal: 21 de decembro<ul style="list-style-type: none">- Nadal solidario (departamento de Relixión) | <ul style="list-style-type: none">➤ Entroido: 09 de febreiro➤ Conmemoración do Día de Rosalía de Castro: 23 de febreiro | <ul style="list-style-type: none">➤ Día das Letras Galegas: semana do 14 ao 16 de maio➤ Fin de curso:<ul style="list-style-type: none">- Festa da historia (departamento de Xª e Hª). Últimos días de curso- Torneos deportivos de fin de curso para a ESO (departamento de EF) |

4.2.- ACTIVIDADES PROGRAMADAS POR CURSOS

1º ESO

| DEPARTAMENTO | ACTIVIDADE | DATA | LUGAR | ALUMNADO | XUSTIFICACIÓN PEDAGÓXICA |
|----------------------------------------------------|-----------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------|------------------------------------|--------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Xeografía e Historia | O Proxecto Crocus. Centro sefarad Israel | 1º trimestre | Instituto | Todos os cursos da ESO e 1º de bacharelato | O proxecto céntrase na preservación e difusión da historia e da cultura xudía en España. Para os estudantes, esta pode ser unha oportunidade única de coñecer unha parte importante da historia do seu país que moitas veces se pasa por alto no currículo escolar convencional. |
| Educación Física / Bioloxía / Xeografía e Historia | Excursión interdisciplinar: historia, bioloxía e EF | Maio | Fragas do Eume. Albergue Alvarella | 1ºESO | Realizar actividades físicas no medio natural, analizar a fauna e flora do lugar e realizar visitas culturais polo entorno de Pontedeume. |
| Educación Física | Campionato de campo a través, co programa XOGADE | 11 de Outubro | A Estrada | 1º e 2ºESO | Propiciar que o alumnado teña a experiencia de participar na modalidade de campo a través con outros centros da contorna. |
| Educación Física | Torneos deportivos nos recreos | De outubro a xuño | IES MGB | Todo o alumnado que queira participar | Convertir o espazo de lecer nunha oportunidade de disfrutar do deporte escollido convivindo con alumando de diferentes cursos e aumentando a actividade física semanal. |
| Lingua galega e Lingua castelá e literatura | Visita ao MUPEGA | Sen determinar e condicionada a outra actividade en Santiago | Santiago | 1º-2º ESO | Coñecer o patrimonio educativo de Galicia. Tratamento de temas transversais |

| | | | | | |
|-----------------------------|---------------------------------------------------------------------|-----------------|-------------------------------|----------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Lingua galega e literatura | Asistencia a representacións teatrais | Sen determinar | Segundo oferta | Sen determinar | O teatro é unha ferramenta educativa fundamental no desenvolvemento integral do alumnado; permite experimentar a vivencia da literatura desde un punto de vista lúdico e fomentar a cultura. |
| Lingua galega e literatura | Encontro con escritores/as | Sen determinar | Instituto | Sen determinar | Fomento da lectura e coñecemento dos autores e da súa obra. |
| Lingua castelá e literatura | Sesións de cinema escolar NUMAX | Por determinar. | Santiago | Por determinar. | Aprendizaxe de diversos sistemas de comunicación. Tratamento de temas transversais. |
| Lingua castelá e literatura | Sesións de cinema | Por determinar. | A Estrada (Minicines Central) | ESO e/ou Bacharelato | Aprendizaxe de diversos sistemas de comunicación. Tratamento de temas transversais. Dinamización cultural e coñecemento da oferta cultural da nosa vila. |
| Lingua castelá e literatura | Teatro | Por determinar. | A Estrada (Teatro Principal) | Por determinar. | Aprendizaxe de diversos sistemas de comunicación. Tratamento de temas transversais. Dinamización cultural e coñecemento da oferta cultural da nosa vila. |
| Lingua castelá e literatura | Encontros ou obradoiros con escritores | Por determinar. | No propio centro | Por determinar. | Estudo da literatura. |
| Bioloxía e Xeoloxía | Visita á EDAR | 1º trimestre | A Estrada | 1º ESO | |
| Bioloxía e Xeoloxía | Visita ao Museo de Historia Natural | 2º trimestre | Santiago | 1º ESO | |
| Bioloxía e Xeoloxía | Charla sobre África e a Antártida (profesora Magaly Barreiro Ponte) | Por determinar | Instituto | 1º ESO | |

| | | | | | |
|------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Matemáticas | Semana Matemática | 18-22 marzo | Instituto | ESO | Achegar a matemática ao alumnado dun xeito lúdico. |
| Matemáticas | Canguro Matemático | APROX. marzo | | ESO | Estimular a participación do alumnado en certames relacionados coas matemáticas. |
| Matemáticas | Concurso fotográfico | 3º Trimestre | Instituto | ESO E BAC | Estimular a participación do alumnado en certames relacionados coas matemáticas. |
| Matemáticas | Visita ao MUNCYT | 3º Trimestre | A CORUÑA | 1º ESO | Apreciar a aplicación das matemáticas en diversos ámbitos coñecemento. |
| Tecnoloxía | Parque eólico didáctico experimental de Sotavento, Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía e Casa das Ciencias | Primavera 2024. Data por determinar | Xermade (Lugo) A Coruña | 1º ESO | Coñecer as características das centrais dedicada ás enerxías alternativas, especialmente a eólica, o Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía e a Casa das Ciencias (con sesión planetario) |
| Educación Plástica, Visual e Audiovisual | Visitas a museos e exposicións | 1º trimestre 2º trimestre 3º trimestre (excepto 2º Bach) | Cidades galegas, dependendo do alumnado que se apunte e que poda. | 1º e 3º ESO 1º e 2º BAC Artes | Ampliación e consolidación dos coñecementos sobre as prácticas artísticas, sobre arte contemporánea, moderna e antiga, artistas e xeitos de traballar nas distintas disciplinas da arte e o deseño que serán adquiridos durante o curso nas distintas materias que se imparten. |
| Educación Plástica, Visual e Audiovisual | Realización de conferencias e /ou seminarios con profesionais convidad@s | Ao longo do curso | Instituto | 1º e 3º ESO 1º e 2º BAC Artes Abertas a todo o alumnado | Familiarizar ao alumnado coas actividades profesionais propias do sector, desenvolvendo actividades de aprendizaxe específicas que tiren proveito da experiencia d@s convidad@s. |

| | | | | | |
|-------------|-------------------------------------------------|--------------|----------------------------|---------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Orientación | Programa Habilidades Sociais "Procurando saúde" | 2º trimestre | Instituto (aula ordinaria) | 1º e 2º ESO | Formación dun alumnado máis informado e con maior capacidade de tomar decisións saudables para o seu futuro. |
| Orientación | Taller "Convivencia entre iguais" | 1º trimestre | Instituto (aula ordinaria) | 1º e 2º ESO | Fomento de habilidades sociais, empatía e respecto no entorno educativo. |
| Orientación | Taller "Saúde mental e imaxe corporal" | 1º trimestre | Instituto (aula ordinaria) | 1º, 2º, 3º e 4º ESO | Promoción do benestar emocional e a autoaceptación nos estudantes. |
| Biblioteca | Clube de lectura | Todo o curso | Instituto (biblioteca) | Tod@s | |

2º ESO

| DEPARTAMENTO | ACTIVIDADE | DATA | LUGAR | ALUMNADO | XUSTIFICACIÓN PEDAGÓXICA |
|----------------------|--------------------------------------------------------|---------------|---------------------------|-----------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Xeografía e Historia | O Proxecto Crocus Centro sefarad Israel | 1º trimestre | Instituto | Todos os cursos da ESO e 1º de bacharelato | O proxecto céntrase na preservación e difusión da historia e da cultura xudía en España. Para os estudantes, esta pode ser unha oportunidade única de coñecer unha parte importante da historia do seu país que moitas veces se pasa por alto no currículo escolar convencional. |
| Xeografía e Historia | Visita ao Románico e Gótico compostelano | 1º trimestre | Santiago de Compostela | 2º ESO | Esta visita permitirá ao alumnado consolidar os coñecementos do currículo artístico a través do acceso ao Pazo de Xelmírez e ao Pórtico da Gloria da catedral. De igual maneira, para potenciar os coñecementos históricos elaborárase unha <i>xincana</i> temática cos puntos de interese cultural do casco urbano da cidade. |
| Educación Física | Campionato de campo a través, co programa XOGADE | 11 de Outubro | A Estrada | 1º e 2º ESO | Propiciar que o alumnado teña a experiencia de participar na modalidade de campo a través con outros centros da contorna. |
| Educación Física | Excursión de actividades na natureza. | 1º trimestre | Sen determinar | 2º ESO | Realizar actividades físicas no medio natural, reflexionar sobre a necesidade de coidar e protexer a natureza e convivir cos iguais nun ambiente diferente do habitual. |

| | | | | | |
|---------------------------------------------|---------------------------------------|--------------------------------------------------------------|-------------------------------|---------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Educación Física | Torneos deportivos nos recreos | De outubro a xuño | IES MGB | Todo o alumnado que queira participar | Convertir o espacio de lecer nunha oportunidade de disfrutar do deporte escollido convivindo con alumnado de diferentes cursos e aumentando a actividade física semanal. |
| Lingua galega e Lingua castelá e literatura | Visita ao MUPEGA | Sen determinar e condicionada a outra actividade en Santiago | Santiago | 1º-2º ESO | Coñecer o patrimonio educativo de Galicia. Tratamento de temas transversais |
| Lingua galega e literatura | Asistencia a representacións teatrais | Sen determinar | Segundo oferta | Sen determinar | O teatro é unha ferramenta educativa fundamental no desenvolvemento integral do alumnado; permite experimentar a vivencia da literatura desde un punto de vista lúdico e fomentar a cultura. |
| Lingua galega e literatura | Encontro con escritores/as | Sen determinar | Instituto | Sen determinar | Fomento da lectura e coñecemento dos autores e da súa obra. |
| Lingua castelá e literatura | Sesións de cinema escolar NUMAX | Por determinar. | Santiago | Por determinar. | Aprendizaxe de diversos sistemas de comunicación. Tratamento de temas transversais. |
| Lingua castelá e literatura | Sesións de cinema | Por determinar. | A Estrada (Minicines Central) | ESO e/ou Bacharelato | Aprendizaxe de diversos sistemas de comunicación. Tratamento de temas transversais. Dinamización cultural e coñecemento da oferta cultural da nosa vila. |
| Lingua castelá e literatura | Teatro | Por determinar. | A Estrada (Teatro Principal) | Por determinar. | Aprendizaxe de diversos sistemas de comunicación. Tratamento de temas transversais. Dinamización cultural e coñecemento da oferta cultural da nosa vila. |

| | | | | | |
|-----------------------------|-------------------------------------------------|-------------------------------------|------------------------------------------------------------------|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Lingua castelá e literatura | Encontros ou obradoiros con escritores | Por determinar. | No propio centro | Por determinar. | Estudo da literatura. |
| Matemáticas | Semana Matemática | 18-22 marzo | Instituto | ESO | Achegar a matemática ao alumnado dun xeito lúdico. |
| Matemáticas | Canguro Matemático | APROX. marzo | | ESO | Estimular a participación do alumnado en certames relacionados coas matemáticas. |
| Matemáticas | Concurso fotográfico | 3º Trimestre | Instituto | ESO E BAC | Estimular a participación do alumnado en certames relacionados coas matemáticas. |
| Matemáticas / Tecnoloxía | Proxecto Terra | Primavera 2024. Data por determinar | A determinar pero sempre ubicado en Galicia ou norte de Portugal | 2º ESO | Coñocer como as matemáticas inflúen na interacción tecnoloxía-medio ambiente. Coñecer as interrelacións tecnoloxía-medioambiente-territorio. Solicitárase realizar a través do programa Proxecto Terra. |
| Orientación | Programa Habilidades Sociais "Procurando saúde" | 2º trimestre | Instituto (aula ordinaria) | 1º e 2º ESO | Formación dun alumnado máis informado e con maior capacidade de tomar decisións saudables para o seu futuro. |
| Orientación | Taller "Convivencia entre iguais" | 1º trimestre | Instituto (aula ordinaria) | 1º e 2º ESO | Fomento de habilidades sociais, empatía e respecto no entorno educativo. |
| Orientación | Taller "Saúde mental e imaxe corporal" | 1º trimestre | Instituto (aula ordinaria) | 1º, 2º, 3º e 4º ESO | Promoción do benestar emocional e a autoaceptación nos estudantes. |
| Orientación | Taller "Saúde | 1º trimestre | Instituto | | Aporte dunha formación integral do alumnado, brindándolles as ferramentas |

| | | | | | |
|-----------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|---------------|------------------------------------|-------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| | sexual". Cruz Vermella | | (aula ordinaria) | 2º e 3º ESO | necesarias para tomar decisións informadas e responsables en cuestións de saúde sexual ao longo das súas vidas.. |
| Orientación | Charla "Sexualidade na rede" | 2º trimestre | Instituto (aula ordinaria) | 2º ESO | Formación sobre como navegar de forma segura e ética no mundo dixital. |
| Orientación / Vicedirección | Charla "Acoso/ciberacoso escolar. Delitos de odio e discriminación". Plan Director | 9 de novembro | Instituto (sala de Usos Múltiples) | 2º e 3º ESO | Formación sobre o uso das novas tecnoloxías e toma de conciencia sobre as posibles consecuencias éticas e legais. |
| Biblioteca | Clube de lectura | Todo o curso | Instituto (biblioteca) | Tod@s | |

3º ESO

| DEPARTAMENTO | ACTIVIDADE | DATA | LUGAR | ALUMNADO | XUSTIFICACIÓN PEDAGÓXICA |
|------------------------------|--------------------------------------------------|----------------------------------------|------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Xeografía e Historia | O Proxecto Crocus Centro sefarad Israel | 1º trimestre | Instituto | Todos os cursos da ESO e 1º de bacharelato | O proxecto céntrase na preservación e difusión da historia e da cultura xudía en España. Para os estudantes, esta pode ser unha oportunidade única de coñecer unha parte importante da historia do seu país que moitas veces se pasa por alto no currículo escolar convencional. |
| Latín e Grego | Concurso Odisea | Febreiro | Instituto | Cultura Clásica de 3º ESO. Latín e Grego de 4º ESO e 1º/2º BAC | Incluída na programación didáctica. Concurso no que participan máis de 4000 estudantes de toda España. |
| Latín e Grego | LUDI COMPOSTELLANI | Segunda quincena do mes de abril | Facultade de Filoloxía de Santiago | Cultura Clásica de 3º ESO. Latín e Grego de 4º ESO e 1º/2º BAC | Incluída na programación didáctica. Actividade organizada por SEECGalicia e dirixida aos centros de ensino secundario. |
| Educación Física | Campionato de bádminton co programa XOGADE | 1 día no 2º ou 3º trimestre | A Estrada | 3º ESO | Vivir unha xornada de convivencia xogando ao bádminton nun campionato por equipos cos centros da contorna. |
| Educación Física Bioloxía | Excursión á neve | 3 días 2º trimestre | Estación de esquí de Leitariegos | 3º ESO | Ter a experiencia de practicar un deporte de inverno que propicia a cooperación e a convivencia entre o alumnado. |

| | | | | | |
|-----------------------------|---------------------------------------|-------------------|-------------------------------|---------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Educación Física | Torneos deportivos nos recreos | De outubro a xuño | IES MGB | Todo o alumnado que queira participar | Convertir o espazo de lecer nunha oportunidade de disfrutar do deporte escollido convivindo con alumnado de diferentes cursos e aumentando a actividade física semanal. |
| Lingua galega e literatura | Visita á casa de Rosalía de Castro | 3º trimestre | Padrón | 3º ESO | Coñecer a casa onde viviu e morreu Rosalía, así coma os espazos e obxectos persoais, co fin de conseguir un maior achegamento á autora. |
| Lingua galega e literatura | Asistencia a representacións teatrais | Sen determinar | Segundo oferta | Sen determinar | O teatro é unha ferramenta educativa fundamental no desenvolvemento integral do alumnado; permite experimentar a vivencia da literatura desde un punto de vista lúdico e fomentar a cultura. |
| Lingua galega e literatura | Encontro con escritores/as | Sen determinar | Instituto | Sen determinar | Fomento da lectura e coñecemento dos autores e da súa obra. |
| Economía | Escola Galega de Consumo | 3º trimestre | Usos múltiples IES M. G. B. | 3º e 4º ESO | Impulsar e desenvolver a educación e a formación das persoas consumidoras en aspectos de consumo responsable, etiquetado dos alimentos, economía sostible. |
| Lingua castelá e literatura | Sesións de cinema escolar NUMAX | Por determinar. | Santiago | Por determinar. | Aprendizaxe de diversos sistemas de comunicación. Tratamento de temas transversais. |
| Lingua castelá e literatura | Sesións de cinema | Por determinar. | A Estrada (Minicines Central) | ESO e/ou Bacharelato | Aprendizaxe de diversos sistemas de comunicación. Tratamento de temas transversais. Dinamización cultural e coñecemento da oferta cultural da nosa vila. |

| | | | | | |
|------------------------------------------|----------------------------------------|----------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------|----------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Lingua castelá e literatura | Teatro | Por determinar. | A Estrada (Teatro Principal) | Por determinar. | Aprendizaxe de diversos sistemas de comunicación. Tratamento de temas transversais. Dinamización cultural e coñecemento da oferta cultural da nosa vila. |
| Lingua castelá e literatura | Encontros ou obradoiros con escritores | Por determinar. | No propio centro | Por determinar. | Estudo da literatura. |
| Matemáticas | Semana Matemática | 18-22 marzo | Instituto | ESO | Achegar a matemática ao alumnado dun xeito lúdico. |
| Matemáticas | Canguro Matemático | APROX. marzo | | ESO | Estimular a participación do alumnado en certames relacionados coas matemáticas. |
| Matemáticas | Concurso fotográfico | 3º Trimestre | Instituto | ESO E BAC | Estimular a participación do alumnado en certames relacionados coas matemáticas. |
